



CONTIDOS

1.ª AVALIACIÓN

- Tema 1: NÚMEROS REAIS
- Tema 2: ECUACIONES, INECUACIONES E SISTEMAS
- Tema 3: TRIGONOMETRÍA
- Tema 4: NÚMEROS COMPLEXOS
- Tema 5: GEOMETRÍA ANALÍTICA

2.ª AVALIACIÓN

- 2 Tema 6: LUGARES GEOMÉTRICOS. CÓNICAS
- Tema 7: FUNCIONES
- Tema 8: FUNCIONES ELEMENTALES
- Tema 9: LÍMITE DUNHA FUNCIÓN
- Tema 10: DERIVADA DUNHA FUNCIÓN

3.ª AVALIACIÓN

- Tema 11: INTEGRAIS
- Tema 12: ESTADÍSTICA BIDIMENSIONAL
- Tema 13: PROBABILIDADE
- Tema 14: DISTRIBUCIÓN BINOMIAL E NORMAL

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

Actitude		5%
Conceptos e procedementos	Probas escritas	90% (40% controis e 60% exame avaliación)
	Traballos, lecturas, libreta	5%
Participación: O alumnado que participe de maneira notoria en actividades do departamento como Canguro Matemático, Campionato de Polinomios, Open Matemático, Olimpíadas, etc, poderá engadir entre 0,5 puntos e 1 punto á nota final da materia. Queda a criterio do profesor/a do alumno/a considerar quen é merecedor/a de dita calificación.		

A avaliación será continua e integradora. Basearase na observación sistemática e pautada do proceso de aprendizaxe a través de preguntas, traballos individuais ou en grupo, probas orais e escritas e entrevistas.

Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións seguindo o calendario aprobado polo claustro.

En cada avaliación haberá como mínimo dúas probas escritas ou exames. No último exame de cada avaliación poderás preguntarse ao alumnado por **toda** a materia dende o comezo do curso ata ese momento. No caso de que obteña unha nota inferior a 3 nesta proba, non fará media coas anteriores e o alumno/a terá que recuperar na avaliación seguinte.

Si a nota media dunha avaliación é superior en 0,75 ao enteiro anterior, levará como nota o seguinte número enteiro (exemplos: nota media:5,8 → nota avaliación:6 ; nota media:5,6→ nota avaliación:5).

A cualificación final do alumno/a obterase mediante a media ponderada das cualificacións das tres avaliacións cos seguintes “pesos” en porcentaxes: **1ª avaliación: 25%**, **2ª avaliación: 35%**, **3ª avaliación: 40%**.

Nas probas escritas descontarase 0,05 por faltas de ortografía ata un máximo de 1 punto.

No caso de detectar que se está copiando nun exame, retirarase o mesmo inmediatamente e daráselle a oportunidade ao alumno/a de demostrar os seus coñecementos nunha proba que realizará diante de alomenos dous membros do departamento.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: Non

Lecturas recomendadas (non obrigatorias, Lectura desde internet): El tío Petros y la conjetura de Goldbach

<http://www.librosmaravillosos.com/conjeturagoldbach/index.html>

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...

Canguro Matemático, Campionato de Polinomios, Olimpíada de Matemáticas (Bacharelato), Open Matemático, Actividades co programa THATQUIZ



CONTIDOS

1.ª AVALIACIÓN

- Tema 1: NÚMEROS REAIS
- Tema 2: ARITMÉTICA MERCANTIL
- Tema 3: POLINOMIOS E FRACCIÓNS ALXÉBRICAS
- Tema 4: ECUACIÓNS, INECUACIÓNS E SISTEMAS
- Tema 5: FUNCIÓNS

2.ª AVALIACIÓN

- Tema 6: FUNCIÓNS ELEMENTAIS
- Tema 7: LÍMITE DUNHA FUNCIÓN
- Tema 8: DERIVADA DUNHA FUNCIÓN
- Tema 9: ESTATÍSTICA UNIDIMENSIONAL

3.ª AVALIACIÓN

- Tema 10: ESTATÍSTICA BIDIMENSIONAL
- Tema 11: PROBABILIDADE
- Tema 12: DISTRIBUCIÓN BINOMIAL E NORMAL

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Actitude		5%
Conceptos e procedementos	Probas escritas	90% (40% controis e 60% exame avaliación)
	Traballos, lecturas, libreta	5%
Participación: O alumnado que participe de maneira notoria en actividades do departamento como Canguro Matemático, Campionato de Polinomios, Open Matemático, Olimpíadas, etc, poderá engadir entre 0,5 puntos e 1 punto á nota final da materia. Queda a criterio do profesor/a do alumno/a considerar quen é merecedor/a de dita calificación.		

A avaliación será continua e integradora. Basearase na observación sistemática e pautada do proceso de aprendizaxe a través de preguntas, traballos individuais ou en grupo, probas orais e escritas e entrevistas.

Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións seguindo o calendario aprobado polo claustro.

En cada avaliación haberá como mínimo dúas probas escritas ou exames. No último exame de cada avaliación poderá preguntarse ao alumnado por **toda** a materia dende o comezo do curso ata ese momento. No caso de que obteña unha nota inferior a 3 nesta proba, non fará media coas anteriores e o alumno/a terá que recuperar na avaliación seguinte.

Si a nota media dunha avaliación é superior en 0,75 ao enteiro anterior, levará como nota o seguinte número enteiro (exemplos: nota media:5,8 → nota avaliación:6 ; nota media:5,6→ nota avaliación:5).

A cualificación final do alumno/a obterase mediante a media ponderada das cualificacións das tres avaliacións cos seguintes “pesos” en porcentaxes: **1ª avaliación: 25%, 2ª avaliación: 35% , 3ª avaliación: 40%.**

Nas probas escritas descontarase 0,05 por faltas de ortografía ata un máximo de 1 punto.

No caso de detectar que se está copiando nun exame, retirarase o mesmo inmediatamente e daráselle a oportunidade ao alumno/a de demostrar os seus coñecementos nunha proba que realizará diante de alomenos dous membros do departamento.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: Non

Lecturas recomendadas (non obrigatorias): El curioso incidente del perro a medianoche

Lecturas desde internet (non obrigatorias): El tío Petros y la conjetura de Goldbach

<http://www.librosmaravillosos.com/conjeturagoldbach/index.html>

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...

Canguro Matemático. Campionato de Polinomios. Olimpíada de Matemáticas (Bacharelato). Open Matemático.



Departamento de **CCSS – XEOGRAFÍA E HISTORIA**

CURSO: **1.º BAC**

MATERIA: **Historia do mundo contemporáneo**

PROFESOR: **Manuel Pousa**

CONTIDOS

1.ª AVALIACIÓN:

O Antigo Réxime, as revolucións francesa e industrial, a independencia de América, a expansión do liberalismo

2.ª AVALIACIÓN:

O colonialismo contemporáneo, o movemento obreiro, a revolución rusa, os imperios Qing e otomán, A Primeira Guerra Mundial, e o período de entreguerras

3.ª AVALIACIÓN:

O fascismo, a II guerra mundial, a Guerra Fría (1945-1991), a descolonización

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Actitude			0%
Conceptos e procedementos		Probas escritas	50%
		Traballos	50%

...

Nas probas escritas descontarase 0,05 por faltas leves (ex: tiles) e 0,1 por faltas máis graves.

No caso de detectar que se copia nos exames retirarase o exame inmediatamente e daráselle a oportunidade ao alumno/a de demostrar oralmente os seus coñecementos. No caso de negarse ou de non ser capaz de responder correctamente, poráselle un cero.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: Non

Lecturas Obrigatorias/Recomendadas

Todo se derrumba (Chinua Achebe)

Sin novedad en el frente

Un puente sobre el Drina


El Gatopardo

Comic: Una vida en China, Persépolis, Notas al pie de Gaza, Shenzen, El loto azul, Corto Maltés en Siberia, Maus

McNEILL, J.R. y W.H.: Las redes humanas. Una historia global del mundo, Madrid, 2004.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...

Excursión a Lisboa (opcional)



CONTIDOS

1ª AVALIACIÓN

- unidades 1,2,3,4

2ª AVALIACIÓN

- unidades 5,6,7,8,9

3ª AVALIACIÓN

- unidades 10,11,12,13,14

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación será continua. Como instrumentos de avaliación poderán utilizarse entoutros:

1.- Probas orais e escritas.

2.- Producións realizadas polos alumnos/as: actividades escritas, traballos monográficos, etc... nos que se valorará:

- a claridade na exposición escrita.
- a utilización da simboloxía axeitada na representación gráfica.

As producións realizadas polo alumnado (informes escritos, traballos monográficos, traballos realizados con ferramentas informáticas, etc...) e as probas escritas serán puntuadas cunha nota numérica de 0 a 10. Nos traballos escritos restarase 0,1 puntos por cada falta de ortografía ata un máximo de 0,5 puntos.

A cualificación que acade un alumno en cada avaliación calcularase do seguinte xeito:

% da nota	Concepto
80%	Corresponde ás probas escritas. Consistirán nun exame de avaliación sobre a totalidade dos contidos do trimestre. Ademais haberá outras probas escritas de menor entidade en cada trimestre. A cualificación correspondente ás probas escritas se calcula como a media aritmética das puntuacións de cada proba tendo en conta que o exame de avaliación ten valor dobre.
10%	Valoración das producións realizadas polos alumnos (traballos escritos ou arquivos, informes, ...)
10%	Valoración de varios conceptos como a puntualidade, traballo diario, respecto ós demais, responsabilidade no uso das ferramentas informáticas. As amoestacións verbais ou escritas, suporán unha redución de 0,1 puntos (por cada unha).

O alumno terá que acadar como mínimo unha puntuación de 5 como cualificación da avaliación para que se considere que acadou os obxectivos programados e poida aproba-la dita avaliación.

A nota do curso calcularase como media aritmética das tres avaliacións. No caso de que un alumno non acade os obxectivos programados do curso, fará unha proba final de todos os contidos da materia.

Dado o carácter da materia as probas escritas poderán substituírse nalgúns casos por probas prácticas realizadas con ferramentas informáticas. Os resultados destas probas serán documentos ou arquivos nos que se recolla o traballo realizado.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de ler: Non



CONTIDOS

Partiremos da información do libro de texto *Lingua e literatura galega 1º Bacharelato*, Vigo, Galaxia, 2008, e mesturaremos coa atopada noutras fontes.

	1º trimestre	2º trimestre	3º trimestre
LINGUA	Práctica sobre o texto: resumo, tema, estrutura, ideas principais e secundarias, definicións léxicas, comentario argumentativo...	Clases de palabras: substantivo, adxectivo, determinantes e pronomes. (práctica)	Verbos, adverbios, preposicións e conxuncións (práctica)
SOCIOLINGÜÍSTICA	A diversidade lingüística no mundo, en Europa e en España	Historia da lingua: Séculos Escuros.	Historia da lingua: Rexurdimento.
LITERATURA	A literatura medieval. As cantigas profanas: de amigo, amor e escarnio e maldicir.	A lírica relixiosa e a prosa medieval. Os Séculos Escuros. A Ilustración.	O Rexurdimento. Rosalía de Castro. Curros Enríquez. Eduardo Pondal.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Conceptos e procedementos	Libro lectura obrigatoria	Traballo (obrigatorio e voluntario)
80% (proba escrita e oral)	10%	10%

Faranse como mínimo dúas probas escritas e unha oral por avaliación, que computan o 70% da nota. O 30% restante repártese entre o libro de lectura obrigatoria e o traballo desenvolvido na clase e na casa.

Para aprobar a avaliación é necesario obter un 5 na media. Pero non se pode

aprobar se nalgún exame (escrito ou oral) se obtén menos dun catro, nin tampouco se non se demostra a lectura da obra literaria escollida para cada trimestre.

No caso de detectar que se copia nas probas, retirarase o exame inmediatamente e daráselle ao alumno/a a oportunidade de demostrar oralmente os seus coñecementos cando o resto dos compañeiros rematen a proba. No caso de negarse ou de non ser capaz de responder correctamente, poráselle un cero.

En xuño faranse recuperacións por partes, dado que as tres avaliacións se fan corresponder con bloques de contidos conceptuais relativamente independentes.

OS EXAMES DE AVALIACIÓN E FINAIS constan de tres bloques e hai que chegar como mínimo a un 4 en cada un deles para que as notas fagan media.

BLOQUE I) Dúas preguntas relativas á comprensión dun texto dado [2 p]

A primeira será unha destas:

- Resumo breve do texto ou dunha parte del.
- Estrutura do texto.
- Ideas principais e secundarias.
- Intencionalidade do autor/a.
- Opinión do autor sobre algún aspecto que se indique.
- Significado concreto dalgunha palabra ou expresión no texto.

A segunda consistirá nun comentario crítico dunha frase/fragmento/totalidade do texto [2 p]

BLOQUE II) Dúas cuestións gramaticais prácticas. [2 p]

BLOQUE III) Dúas cuestións teóricas [4 p]:

- Unha pregunta sobre contidos de sociolingüística.
- Outra sobre contidos de historia da literatura.

*Sobre a cualificación global do exame **poderase descontar un máximo de 2 puntos por erros de lingua.***

PLAN DE LECTURA ANUAL

Escóllese un título por avaliación como lectura obrigatoria, a partir dunha listaxe aberta:

- ANEIROS, Rosa: *Resistencia*, Xerais
- FEIJOO, Pedro: *Os fillos do mar** e
- *A memoria da choiva**, Xerais
- MIRANDA, Xosé: *Morning Star*, Xerais
- REIGOSA, Carlos: *Pepa a Loba*, Xerais
- REIMÓNDEZ, María: *O club da calceta*, Xerais
- RIVAS, Manuel: *Todo é silencio*, Xerais
- RIVEIRO COELLO, Antonio: *Laura no deserto** e
- *As rulas de Bakunin*, Galaxia
- VILLAR, Domingo: *A praia dos afogados e*
- *Ollos de auga*, Galaxia

*As obras marcadas con * son moi extensas e, polo tanto, contan como dúas.*

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...

Participaremos cos alumnos de 1º Bach. A, xunto ao profesor Manuel Pousa, nun proxecto de colaboración cun centro portugués. Traballarase sobre o colonialismo (portugués e español), para o que nos encargaremos de proporcionar aos alumnos un dominio básico do portugués.

Procurarase que o alumnado coñeza persoalmente a algún escritor/a (Pedro Feijoo, por exemplo) e tamén que asista polo menos a un espectáculo teatral e/ou musical en galego.



IES de Mugaros. Departamento de LINGUA CASTELÁ
E LITERATURA

MATERIA :LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

PROFESORA:MARÍA AMADA PERNAS PRIETO

BAC

1º BAC

2014-2015

CONTIDOS

PRIMEIRA AVALIACIÓN

Unidade 1:

- A comunicación : comunicación verbal e non verbal. Os elementos da comunicación.
- Os distintos tipos de signos. O signo lingüístico.
- As funcións da linguaxe.
- A literatura e o texto literario. Características do texto literario. as figuras retóricas .
- O texto e as súas propiedades fundamentais.
- A acentuación.

Unidade 2:

- As variedades da lingua:diacrónicas, diatópicas e diafásicas.
- O sistema fonolóxico.
- Os xéneros literarios.
- A cohesión textual e os elementos que interveñen nela.

Unidade 3

- As linguas peninsulares: orixes e evolución.
- A Idade Media: contexto histórico-social e cultural.
- A épica.O mester de xugaría. *Cantar de Mío Cid* : autoría,estructura,tema,estilo,etc.
- Diferencias entre lingua oral e lingua escrita.*
- A puntuación : o punto, o punto e coma,etc.*

Unidade 4

- A oración e o enunciado*
- Os diferentes tipos de sintagmas. O sintagma nominal e a súa estrutura.*
- As diferentes categorías gramaticais.*
- A lírica medieval:*
 - Tradicional: jarchas, cantigas e villancicos.*
 - Culta: o mester de clerecía: temas, estilo, linguaxe, autores...*
- Os textos orais e a posible clasificación.*
- As fontes de consulta de información.*

SEGUNDA AVALIACIÓN

Unidad 5

- O sintagma nominal: o adxectivo e os determinantes. Os pronomes persoais e as súas funcións.Outros tipos de pronotes.*
- A prosa e o teatro medievais. Alfonso X .Don Juan Manuel. Os libros de cabaleiros.*
- O texto descritivo e as súas características.*
- O uso de b/v. As maiúsculas.*

Unidad 6

- O sintagma verbal: os tipos de verbos e as perífrasis verbais. As formas persoais e non persoais.*
- O adverbio e as locucións adverbias. As funcións do adverbio.*
- A literatura do século XV: a transición ó Renacimiento.*

- A *lirica popular*: o *Romancero* e os distintos tipos de romances.
- A *lirica culta*: os *cancioneiros*. *O Marqués de Santillana*. *Juan de Mena*. *Jorge Manrique*.
- A *Celestina* e o seu xénero ambiguo. Características, temas, estilo...
- O texto narrativo: características e elementos.

Unidad 7

- Os distintos tipos de predicado segundo a estrutura e os componentes.
- Os complementos do predicado.
- O Renacemento: contexto histórico e cultural.
- A *lirica* do Renacemento: Garcilaso de la Vega. Místicos e ascetas.
- Normas ortográficas de g/j. Palabras de ortografía dudosa.

Unidade 8

- A oración simple e a composta. Os distintos tipos de oracións compostas: coordinadas e subordinadas.
- O teatro renacentista.
- A prosa renacentista. Os diferentes tipos de novela renacentista.
- A novela picaresca: *El Lazarillo de Tormes*.
- Os textos expositivos e os seus rasgos característicos.
- A información en Internet.

TERCEIRA AVALIACIÓN

-Unidade 9

- A subordinación adxectiva: os tipos.
- Cervantes: obra teatral, obra poética e a novela cervantina.
- El Quijote I y II*: estrutura, narradores, personaxe, intencionalidade...

-Unidade 10:

- O léxico da lingua castelá.
- O Barroco: características do movemento literario e contextualización histórica e cultural.
- A *lirica* do XVII: conceptismo e culteranismo na obra de Góngora e Quevedo.
- Os textos argumentativos: tipos de argumentos.

-Unidade 11:

- A estrutura e clasificación das palabras: simples, compostas, derivadas, parasintéticas..
- Clasificación dos morfemas .
- A prosa do Barroco: a prosa didáctica de Gracián.
- A novela picaresca do Barroco: *El Buscón* y *el Guzmán de Alfarache*.
- O diálogo. O diálogo nos textos literarios.

-Unidade 12:

- A Semántica.
- O cambio semántico e as súas causas.
- Denotación e connotación.
- Sinonimia, polisemia, antonimia, homonimia.
- O teatro barroco: a Comedia Nacional. Lope de Vega e a revolución no teatro.
- Calderón de la Barca: *El alcalde de Zalamea* e o código do honor.
- Tirso e a creación do mito de don Juan

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

-Realizaranse dous exames en cada avaliación, un relacionado co temario de lingua e outro co de literatura, a media aritmética suporá o 80% da nota da avaliación.

-Os alumnos realizarán as actividades ou os controis sobre os libros de lectura obrigatoria, que a profesora lles requira, e o farán con puntualidade. Contarán o 10% da nota. Cando se trate de controis ese 10% só será aplicable cando a nota sexa superior a 5 (lectura apta) e nunca nos posibles controis de recuperación, posto que se entende que é unha condición indispensable para aprobar a materia.

-As tarefas de clase e as marcadas para casa deberán facerse no prazo proposto e deben estar na libreta do alumno, que estará a disposición da profesora para a súa revisión. Ata final de curso os alumnos deben gardar os traballos, fichas e textos corrixidos e puntuados ou avaliados pois suporá ata o 10% da nota.

-A falta de corrección nos textos, tanto na expresión como na ortografía e na adecuación pode supoñer un desconto de ata dous puntos na avaliación. Penalizarase 0'1 por cada falta distinta.

-Se non se demostra ter lido os libros propostos non se pode ter avaliación positiva. O mesmo ocurrirá se non se entregan os traballos propostos para a súa avaliación.

-Cunha nota inferior a 4 nun exame de avaliación de lingua ou de literatura non se fará media, polo tanto o alumno deberá recuperar a parte suspensa ou no seu defeto acadar unha nota superior a 4 para poder sumar ambas notas e facer a media

-O final de curso os alumnos, que sacaran menos dun cinco como nota media das tres avaliacións, poderán presentarse a un **EXAME FINAL**. Neste exame terán que contestar a maiores ás preguntas sobre os libros que no seu momento non amosasen ter lidos.

- É imprescindible a presentación do caderno, a asistencia a clase, a puntualidade, a participación e o comportamento correcto. As faltas de puntualidade e as condutas disruptivas reiteradas penalizaranse baixando un 1 punto á nota media da avaliación.

- Os exames ou recuperacións deben realizarse nas datas previstas; se non se fai a proba, deberá xustificarse documentalmente: xustificante médico, do xulgado, etc. Se non se recibe a xustificación, a nota será de 0 nese exercicio.

- Os exercicios e/ou traballos entregaranse na data fixada. De non ser así, salvo que estea documentalmente xustificado, o alumno perderá a cualificación correspondente, sendo avaliado cun 0.

- Se un traballo persoal denota signos evidentes de ter sido copiado doutro compañeiro/a, serán penalizados tanto o que copiou como o/a que permitiu ser copiado. A puntuación será a nota mínima 0.

PLAN DE LECTURA ANUAL


1ª Avaliación: - *La Celestina*. F. De Rojas

2ª Avaliación: - *El Lazarillo de Tormes*

3ª Avaliación: - *El Quijote* . Cervantes (selección de capítulos e textos)

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

O Departamento deixa aberta a posibilidade de realizar diversas actividades complementarias e/ou extraescolares, sen concretar datas, pois en moitos casos estas dependeran da oferta de representacións teatrais, conferencias, que se levasen a cabo durante este curso académico.



IES de Mugarodos. Departamento de Debuxo.

MATERIA Debuxo técnico

PROFESOR/A Marta González Pérez.

BACH

1º BACH
2014-15

CONTIDOS

1.ª AVALIACIÓN

Arte e debuxo técnico.

Debuxo xeométrico.

- Trazados elementais.
- Proporcionalidade e semellanza. Escalas.
- Trazado de polígonos regulares.
- Transformacións xeométricas no plano: transformacións isométricas.
- Trazado de tanxencias. Definición e trazado de curvas planas: óvalos, ovoides e volutas, espirais e hélices.

2.ª AVALIACIÓN

Sistemas de representación.

- Fundamentos e finalidade dos distintos sistemas de representación; características diferenciais.
- O sistema diédrico. Representación do punto, recta e plano; as súas relacións e operacións (transformacións) máis usuais.

3.ª AVALIACIÓN

- Os sistemas axonométricos: isometría e perspectiva cabaleira. Representación de sólidos.

Normalización e elaboración de esbozos.

- As normas fundamentais UNE, ISO.
- Tipoloxía de acabamentos e de presentación. O esbozo acoutado. Os planos. O proxecto.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Actitude		<ul style="list-style-type: none">• Cada tres faltas de material por trimestre=0.• A non entrega de traballos na data proposta supón obter como máximo un 5, e se non se entrega tampouco na seguinte clase =0
Conceptos e procedementos.	Probas escritas	80,00%
	Traballos e chamadas de clase	20,00%

- A boa actitude e disposición para o traballo, así como o cumprimento de normas de aula de do centro, non cometer erros ortográficos e expresarse ben, asistir e participar nas actividades extraescolares ou complementarias propostas polo departamento, a participación activa na clase, o esforzo e a actitude na aula e non ter faltas de asistencia ou puntualidade , axudará nos redondeos para, sen chegar ao 5, poder superar a asignatura.
- Porase especial coidado na limpeza na presentación, na orde e no uso de notacións e especificacións da linguaxe do debuxo técnico. Para que isto sexa corrixido, poderase descontar ata 1 punto nos exames e exercicios recollidos.
- O resultado final nas distintas avaliacións será a media matemática de todos os resultados obtidos.
- A recuperación final da materia será en xuño usando a media matemática das distintas avaliacións, debendo ter un 4 como mínimo por avaliación para poder facer esta media. De non superar por este sistema a materia, haberá unha proba escrita de todos os contidos en xuño ou en setembro.
- Para o alumnado que non asista á realización das probas escritas nas datas marcadas, dependendo da xustificación da falta o profesor poderá decidir que facer.

No caso de detectar que se copia nos exames retirárase o exame inmediatamente e poráselle un 0.



IES de Mugarodos. Departamento de Filosofía.....

MATERIA: Filosofía e Cidadanía
PROFESOR/A: Ofelia Lubián Dubra

BAC

1ºBAC
2014 - 2015

CONTIDOS

1.ª AVALIACIÓN:

O Saber Filosófico. O animal humano: orixe e evolución. Natureza, cultura e sociedade. A concepción filosófica do ser humano.

2.ª AVALIACIÓN:

Coñecemento, linguaxe e verdade. O coñecemento científico e a realidade. A pregunta filosófica pola realidade. Traballo, técnica e creación de símbolos.

3.ª AVALIACIÓN:

Os fundamentos da acción moral: liberdade e responsabilidade. A ética ante os retos da sociedade actual. Estado e democracia. A cidadanía. Democracia mediática e cidadanía global.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Actitude			
Conceptos e procedementos		Probas escritas	80%
		Traballos	20%
		Lecturas	

...
Nas probas escritas descontaranse 0,05 por faltas leves e 0,1 por faltas máis graves.

O apartado “traballos” refírese tamén ás tarefas diárias. A participación proveitosa nas actividades extraescolares do Departamento poderá aumentar ata un punto na valoración global de cada avaliación.

A nota final , será o resultado de calcular a media real (con decimais) entre as tres avaliacións.

No caso de detectar que se copia retirarse o exame inmediatamente.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: Non

Lecturas recomendadas: El Clan del Oso Cavernario, Jean Auel. (na Biblioteca)

Lectura obrigatoria: A Introducción do libro “Memoria del Logos”, de Emilio Lledó.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...

1.-Previstas para este curso: actividades de debate. Programa Correspondentes Xuvenís e as relativas á productora “Mugarodos Directo”. Colaboración na revista do IES. Terán unha ponderación máxima dun punto sobre a nota global da avaliación correspondente.

2.-Posibilidade de organizar unha excursión co grupo de 1º B no mes de decembro co destino Atapuerca-Madrid, en relación aos contidos: “o animal humano, orixe e evolución”

Materia: INGLÉS
Profesor/a: Luz Pardo Orosa

BAC - 1º
2014-2015

CONTIDOS

1.ª AVALIACIÓN	2.ª AVALIACIÓN	3.ª AVALIACIÓN
Units 1,2,3 (Viewpoints 1, Ed. Burlington)	Units 4,5,6 (Viewpoints 1 , ed. Burlington)	Units 7,8,9 (Viewpoints 1 , ed. Burlington)
PROXECTOS E ACTIVIDADES RELACIONADOS CON CADA UNIDADE		

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Actitude	5%	5%	Interese Comportamento Participación
Conceptos e procedementos	95%	Probas 70%	Listening 10% Speaking 15% Reading 10% Writing..... 15% Use of English (Grammar and Vocabulary) 20%
		Traballos 15%	Projects, Essays..... 15%
		Lecturas 10%	Books 10%

ACTITUDE: O alumno/a non debe amosar comportamento disruptivo nin abandono , considerándose abandono: falta de asistencia e retrasos continuados, ausencia de traballo na clase e na casa, falta de atención na clase, non traer material de forma reiterada, non facer exames, traballos

CONCEPTOS E PROCEDEMENTOS:

A) Avaliación da proba oral : O alumno/a demostrará unha competencia mínima en cada unha das destrezas na aprendizaxe dunha lingua estranxeira. En Setembro non se realizará proba oral.

B) Traballos: Cada "Project" puntuarase sobre 10 e farase a nota media dos traballos realizados no trimestre.

C) Lecturas obrigatorias: O alumno/a deberá demostrar mediante probas escritas a comprensión das lecturas marcadas para este nivel.

AVALIACIÓN POSITIVA: para aprobar a materia o alumno debe acadar un **35% mínimo na proba e debe chegar a un 50% na valoración global da materia.**

RECUPERACIÓN DA MATERIA: Farase unha avaliación continua da materia e faranse probas de recuperación.

No caso de detectar que se copia nos exames retirarase o exame inmediatamente e daráselle a oportunidade ao alumno/a de demostrar oralmente os seus coñecementos. No caso de negarse ou de non ser capaz de responder correctamente, poráselle un cero.

Na proba de Setembro teranse en conta as tarefas de recuperación propostas para facer durante o verán, se o profesor o estima oportuno e farase unha proba de listening, reading, writing, use of English e libro de lectura.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: Si

Lecturas Obrigatorias/Recomendadas : Sen determinar

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...

Plan ABALAR

Programa CUALE(A1,A2,B1)



IES de Mugar dos. Departamento de Francés

MATERIA FRANCÉS
PROFESORA M^a Olga Recio Sánchez

1.º
BACHA-
RELATO

2014– 2015

CONTIDOS

1.ª AVALIACIÓN

Unidades 0-1-2 do libro *Mot de passe 1*, editorial Oxford

2.ª AVALIACIÓN

Unidades 3-4-5 do libro *Mot de passe 1*

3.ª AVALIACIÓN

Unidades 6-7-8 do libro *Mot de passe 1*

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Conceptos e procedementos:	Probas escritas/orais: -Comprensión oral e escrita -Expresión oral e escrita	90,00%
	Traballos (redaccións, cartas, traballos empregando as TIC...)	10,00%

A avaliación será continua, aínda que se poderán facer recuperacións ao longo do curso.

Para aqueles alumnos que non teñan aprobados todos os trimestres realizarase no mes de xuño unha proba global de recuperación.

-Nos traballos contará a súa calidade, e non so o feito de telos entregado. Descontará se se entregan fóra de prazo.

-Nas probas escritas, cando deban escribir en español, descontaranse 0,05 por faltas leves (ex: tiles) e 0,1 por faltas máis graves.

-No caso de detectar que se copia nos exames retirárase o exame e o profesor tomará as medidas que estime oportunas, como facer outro exame nunha data diferente. No caso de negarse poñeráselle un cero.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: Non

Lecturas obrigatorias: Os libros de lectura leranse na clase. Non se terán que examinar deles, pero deberán facer algún traballo (resumos, listas de vocabulario...)

Leranse xornais en edición dixital e revistas en francés (en papel). Consideramos tamén fonte de lectura os subtítulos de películas e documentais.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...

Está programada a asistencia a unha obra de teatro: *Le tour du monde en 80 jours*, o vindeiro 24 de novembro, no centro Torrente Balester, en Ferrol.



IES de Mugarodos. Departamento de Filosofía.....

MATERIA: Filosofía e Cidadanía
PROFESOR/A: Ofelia Lubián Dubra

BAC

1ºBAC
2014 - 2015

CONTIDOS

1.ª AVALIACIÓN:

O Saber Filosófico. O animal humano: orixe e evolución. Natureza, cultura e sociedade. A concepción filosófica do ser humano.

2.ª AVALIACIÓN:

Coñecemento, linguaxe e verdade. O coñecemento científico e a realidade. A pregunta filosófica pola realidade. Traballo, técnica e creación de símbolos.

3.ª AVALIACIÓN:

Os fundamentos da acción moral: liberdade e responsabilidade. A ética ante os retos da sociedade actual. Estado e democracia. A cidadanía. Democracia mediática e cidadanía global.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Actitude			
Conceptos e procedementos		Probas escritas	80%
		Traballos	20%
		Lecturas	

...
Nas probas escritas descontaranse 0,05 por faltas leves e 0,1 por faltas máis graves.

O apartado “traballos” refírese tamén ás tarefas diárias. A participación proveitosa nas actividades extraescolares do Departamento poderá aumentar ata un punto na valoración global de cada avaliación.

A nota final , será o resultado de calcular a media real (con decimais) entre as tres avaliacións.

No caso de detectar que se copia retirarse o exame inmediatamente.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: Non

Lecturas recomendadas: El Clan del Oso Cavernario, Jean Auel. (na Biblioteca)

Lectura obrigatoria: A Introducción do libro “Memoria del Logos”, de Emilio Lledó.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...

1.-Previstas para este curso: actividades de debate. Programa Correspondentes Xuvenís e as relativas á productora “Mugarodos Directo”. Colaboración na revista do IES. Terán unha ponderación máxima dun punto sobre a nota global da avaliación correspondente.

2.-Posibilidade de organizar unha excursión co grupo de 1º B no mes de decembro co destino Atapuerca-Madrid, en relación aos contidos: “o animal humano, orixe e evolución”

